



A Verba do corvo

Presinto. Albisco. Cheiro a fariña de millo corvo recén moído. O son do cacarexo retumba. Os fornos arden para cocer a bola corva de porta aberta. Chega o día da festa e, con el, a ledicia de completar un ciclo de traballos que hoxe toma forma de escuro pan para que todos poidamos disfrutalo.

O corvo sabe que o camiño non foi doado, semella que o infortunio non muda co tempo. O xabarín volou facer estragos nas leiras da aldea e o clima non foi o máis axeitado para criar o froito da terra pero, con todo, é meirande o dano que causan as bestas con gravata. Moitas portas oficiais nos pecharon cando reclamamos as xustas achegas necesarias para recuperar as raigames do pobo ou cando nos atopamos sen a imprescindible forza da auga para botar o muíño a andar.

Os atrancos non impidiron, neste marzal, o rexurdir do millo corvo, posible só dende o respecto ó contorno, que permitía ós nosos antergos convivir en harmonía co medio e que agora toca transmitirlles ós más cativos. Coidar a natureza é o xeito de evitar que se volva contra nós, como ven de ocorrer no sueste asiático, nunhas datas nas que o corvo lembra tamén con tristura o cabodano da traxedia en Madrid.

Pasando a páxina pero sen esquecer, o corvo convidavos a descubrir dende a maxia da aldea de Meiro ata a caraxe con que os indíxenax mexicanos loitan por conservar as súas terras. Entre as liñas escritas na lingua corva sentiredes chorar a Liboreiro e escoitaredes o son dun antigo tear; acharedes os segredos da cestería tradicional e coñeceredes a historia do idioma.

Baixo as negras ás agárdanvos as verbas do corvo e un enfeitizado día para mergullarse entre os grans de millo escuro disfrutando da festa.

